



PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES PARA O CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DE ELEMENTOS DECORATIVOS VEXETAIS E NON VEXETAIS CON MOTIVOS DO NADAL

CLÁUSULA 1.- OBXECTO

O presente prego ten por obxecto especificar as condicións técnicas que regularán a subministración, instalación, posta en funcionamento, mantemento e posterior retirada, en réxime de aluguer, dos elementos decorativos vexetais e non vexetais con motivos do Nadal que lucirán nas rúas comerciais da cidade de Vigo referidas no presente prego, que inclúe as fotografías das zonas e a relación destas.

CLÁUSULA 2.- DESCRICIÓN DO SERVIZO

2.1.- Instalacións

2.1.1.- Características xerais

O adxudicatario realizará a instalación da decoración nos lugares e rúas que se determinan no presente proxecto, repartindo uniformemente no espazo dispoñible a totalidade dos elementos decorativos vexetais e non vexetais propostos para cada unha delas. A colocación dos elementos decorativos será tal que manteña, na medida do posible, unha interdistancia fixa entre eles.

O adxudicatario terá que garantir unha eficaz e permanente dispoñibilidade do servizo durante as 24 horas do día durante o período de Nadal, sendo pola súa conta a reparación e substitución dos elementos danados ou que non cumpran as especificacións requiridas.

No caso de danos ocasionados por actos vandálicos, por climatoloxía adversa ou de índole extraordinaria que pola súa gravidade impliquen a inutilización dalgún elemento, este será retirado asegurando en todo caso o menor impacto visual no conxunto.

A empresa adxudicataria terá dereito a esixir a non intervención nas instalacións da súa competencia de terceiras persoas durante o período do contrato, salvo





inspección dos servizos técnicos municipais e persoas ou entidades autorizadas por estes.

2.1.2.- Elementos decorativos vexetais e non vexetais

Os elementos serán os indicados no proxecto, quedando suxeitos a posibles melloras

Os elementos decorativos serán de dous tipos: vexetais e non vexetais. O tipo de adorno proposto será definidos tomando como referencia o presente prego para cada ámbito a decorar obxecto deste contrato.

2.1.2.1 Elementos vexetais

LOTE 1

Árbores, tepe e posibles flores relacionadas coa temática de Nadal serán os elementos vexetais que formen parte dos diferentes xardíns efémeros das distintas zonas da cidade indicadas no presente proxecto. As características dos elementos vexetais deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Árbores

- a) As árbores pertencerán ás especies, variedades ou cultivares seleccionados.
- b) As árbores estarán sans e ben formadas, non amosarán defectos causados por enfermidades, pragas ou medidas de cultivo que reduzan o seu valor, nin presentarán feridas na cortiza salvo os cortes de poda.
- c) A altura, anchura da copa, lonxitude das polas, ramificacións e follas corresponderán á idade do exemplar segundo a especie ou variedade en proporcións equilibradas unhas coas outras.
- d) O cepellón será proporcional á especie ou variedade e ao tamaño da planta; terá un bo sistema radicular, e estará libre de malas herbas.
- e) As árbores que se presentan a raíz espida contarán cun sistema radical ben ramificado, non excesivamente podado, sen síntomas de





deshidratación e coa copa aclarada, mantendo o equilibrio entre a parte aérea e a parte soterrada.

f) As árbores subministradas en contedor deberán dispoñer dun volume de contedor proporcional ao tamaño da arbore. Así, unha árbore de calibre 16/18 presentarase nun contedor de, como mínimo, 35 litros.

g) O sistema radical das árbores será equilibrado e ben formado, non presentará raíces danadas (esmagadas, deshidratadas) nin espiraladas.

h) Cada lote subministrado da mesma especie terá homoxeneidade entre os troncos e as copas

2. *Tepe*

a) Os céspedes subministrados en tepes deben de ter identidade e pureza de lote adecuadas en relación á especie ou cultivar. Virán libres de malas herbas.

b) Os tepes deberán proceder de sementes seleccionadas e controladas.

c) Os tepes estarán libres de enfermidades e de sinais ou síntomas destas. Non amosarán defectos causados por enfermidades, pragas, fisiopatías, deficiencias nutricionais ou fitotoxicidade.

d) O substrato dos tepes terá preferentemente unha textura franco-areosa e cun contido de arxila entre o 6-12%.

3. *Plantade tempada. Euphorbia pulcherrima flor do Nadal*

Planta de 40 a 50cms. de atura, ramificada desde a base. Follas verdes con nervaduras en amarelos e vermellos pálido .





Fornecese coa maceta e o cepellón, sen defectos ni enfermidades, ben formadas e seu desenvolvemento será tal que enchan completamente a maceta e presentaran, polo menos, unha flor aberta.

4. Area lavada

A area lavada será de tipo fina, procederá dunha canteira controlada e autorizada

2.1.2.2 Elementos non vexetais .

LOTE 1

Madeira, aceiro, aluminio, metacrilato, vidro... e outros materiais de tipo similar serán os elementos non vexetais que se utilizarán como soporte, estrutura... na parte estética, segundo o presente prego técnico. Non poderán conter arestas ou eivas que poidan ser obxecto de perigosidade para o cidadán e deberán cumprir coa normativa de seguridade e saúde laboral.

Deben ter a resistencia e estabilidade suficiente para poder facer fronte a intemperie e o uso.

A súa fabricación deben garantir a integridade das pezas e do conxunto no paso do tempo e do uso.

Os elementos principais estarán fabricados e dispoñibles, polo menos, 1 mes antes da data de montaxe. O persoal designado polo Concello de Vigo poderá inspeccionalos nas instalacións do adxudicatario.

LOTE 2

Aceiro e varillas redondas eletrosoldadas, sectores de aceiro , tornilleria de aceiro DIN 931, Led píxel RGB programable IP65, 24V, Lámpada led flash, IP65, 24V, Led branco puro súper brillo, IP44, 24V... e outros materiais de tipo similar serán os elementos non vexetais que se utilizarán como soporte, estrutura... na parte estética, segundo o presente proxecto. Non poderán conter arestas ou eivas que poidan ser obxecto de perigosidade para o cidadán e deberán cumprir coa normativa de seguridade e saúde laboral. Deberán axustarse a normativa vixente de mobilidade.





Os elementos principais estarán fabricados e dispoñible, a lo menos, 1 mes antes da data de montaxe. O persoal designado polo Concello de Vigo poderá inspeccionalos nas instalacións do adxudicatario.

2.2.- Proxecto decorativo

O licitador incluírá na súa proposta explicitamente para cada rúa obxecto do contrato, non sendo inferiores ás contempladas no presente proxecto, a ficha técnica dos elementos que oferte. Esta ficha técnica incluírá, detalles construtivos, entre outras, as dimensións e forma exteriores do elemento, o debuxo ou figura que represente, as cores de cada parte, e a potencia eléctrica, no caso de contar con iluminación complementaria, ou calquera outro elemento mecánico ou eléctrico ou alimentación eléctrica.

Todos os elementos do proxecto decorativo cumprirán as características referidas no prego técnico.

2.3.- Stock de seguridade: LOTE 1 y LOTE 2

Co obxectivo de manter as instalacións en perfectas condicións de aspecto e uso ao longo do período do Nadal de exposición, o contratista deberá dispor un stock de seguridade de polo menos o 10% de elementos idénticos aos subministrados no contrato e dos elementos necesarios para reparar ou incluso substituír aqueles que puideran resultar danados por calquera tipo de incidencia, avaría, enfermidade... durante o período de decoración do Nadal.

O stock de seguridade estará fisicamente accesible no lugar que o contratista dispoña para tal efecto cun tempo de reposa máximo dunha hora, que poderá aumentar no caso de substitución por un acto vandálico, climatolóxico, etc... onde tamén estarán situados os medios e persoal necesario para a prestación do servizo requirido cunha reposición inmediata, nun prazo máximo para reparación de 24 horas. Será accesible e revisable polo responsable do contrato durante o período de probas ou en calquera outro momento do período do Nadal.





CLÁUSULA 3.- CONDICIÓN DA INSTALACIÓN E POSTERIOR RETIRADA DOS ELEMENTOS DECORATIVOS

1. A empresa adxudicataria realizará ao seu cargo todas as instalacións necesarias para prestar o servizo contratado que se indica neste prego técnico. O proceso de montaxe contemplará a provisión, transporte, carga, descarga e instalación dos elementos decorativos subministrados, así como todos aqueles elementos auxiliares que permitan o seu correcto funcionamento. O proceso do desmonte será o inverso.
2. Adaptar cantas medidas de seguridade sexan precisas, en especial sobrecargas de uso admisibles. coeficientes de seguridade, etc... para que todos os elementos queden correctamente instalados sen que supoñan ningún risco para as persoas ou bens.
3. As condicións de instalación serán tales que permitan a circulación de persoas e/ou vehículos sen xerar ningún tipo de molestia ao desenvolvemento da actividade comercial da zona a considerar e cumprindo dentro do posible coa accesibilidade.
4. Para realizar a instalación e posterior retirada, o contratista solicitará todos os permisos e autorizacións necesarios os cales serán da súa conta e cargo. Empregará a maquinaria e persoal suficiente para minimizar as molestias aos cidadáns e garantirá a seguridade viaria durante todo o proceso.
5. Os traballos realizaranse preferiblemente en horario que non moleste a actividade da zona salvo outra autorización expresa do responsable do contrato. Deberá acoutarse completamente a zona de actuación con valado de obra suficientemente estable, consistente e perfectamente aliñado, mantendo este balizado e visible. Colocarase a cantidade suficiente de sinais e medios de protección para evitar accidentes tanto do seu propio persoal como a terceiros, sendo o contratista o único responsable por este motivo.
6. O balizamento necesario durante a instalación da empresa adicados a este proxecto irán convenientemente identificados e rotulados mediante anagramas visibles nos que se indique a lenda: "CONCELLO DE VIGO, DECORACIÓN DE NADAL".
7. No período de probas, o contratista realizará todas aquelas que estime necesarias así como as que lle esixan o responsable do contrato e o director técnico da obra, que velarán pola correcta colocación e funcionamento de todo o material instalado. Os técnicos municipais verificarán xunto co contratista as probas realizadas ata quedar de acordo coas esixencias previstas no presente prego e demais normativa vixente.





8. Todos os materiais empregados serán da máxima calidade, cumprindo coa normativa vixente e homologados polos organismos correspondentes cando sexa preceptivo.
9. O contratista deberá entregar no Concello copia de toda a documentación asociada á legalización das instalacións, así como un documento resumo antes da entrada en funcionamento de cada campaña que incluíra un dossier fotográfico, vídeo e planos das actuacións executadas.
10. Durante o período do desmonte, eliminaranse todos os elementos da instalación salvo aqueles que, consensuadamente coa empresa, consideren o responsable do contrato que non molestan e sirvan para futuros exercicios. Será obrigatoria e pola súa conta, a correcta xestión dos residuos xerados en todo o proceso.
11. Dadas as especiais dimensións dos Set do LOTE 2 (Set 11 e Set 12) o adxudicatario deberá contar con todas as autorizacións especiais para o traslado, a montaxe, o desmonte e a retirada destes .

CLÁUSULA 4.- SERVIZO DE GARDA

No período de exposición, (a de determinar pola Concellería de Comercio sendo de xeito orientativo do 22 de novembro de 2018 ao 7 de xaneiro de 2019), incluíndo os días festivos e, en especial, as noites dos días 24 e 31 de decembro, e a tarde do día 5 de xaneiro, así como particularmente os días de temporal, o contratista estará obrigado a manter un servizo de garda, cuberto por un retén con persoal, mínimo de unha brigada formada por oficial e axudante, vehículos e ferramentas suficientes para atender os danos que se produzan. O retén de garda será quen de reparar os danos detectados ou atender os avisos recibidos sexa cal sexa a súa natureza (incluso elementos destruídos, descolgados, desprazados, caídos ou desorientados) non sendo maior o igual a 24 horas a súa resposta. Para isto contará con persoal suficiente, dotado dos medios técnicos e os vehículos axeitados aos cometidos descritos.

O persoal do retén de garda disporá dunha liña de teléfono móbil propio para recibir avisos e comunicar incidencias que estará operativo ás 24 horas do día. O número de teléfono e o e-mail deberá enviárselle ao servizo municipal cun mínimo de dez días de antelación ao inicio da decoración, ao obxecto de que o Concello poida dalo a coñecer aos cidadáns.

Ao obxecto de garantir o bo funcionamento do servizo o contratista deberá nomear unha persoa como interlocutor válido co persoal técnico do Concello.



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/07/2018 10:28 | Páxina 7 de 47 |
| Aprobado en Xunta de Goberno do 10/07/2018 | CSV: 21E65E-B9BF5D-21E3BD-43T62Y-J7JAA1-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |



Para tal efecto, esta persoa deberá estar dispoñible para calquera xestión nun prazo máximo de 1 hora ás 24 horas do día.

4.1.- Tempos de intervención e reparación

O servizo de garda realizará a reparación de cantos danos se produzan e/ou defectos se detecten, comprometéndose, nun tempo non superior a unha hora despois de recibido o aviso. O tempo máximo de intervención será de unha hora para a retirada de elementos danados e de 24 horas para a súa reparación ou substitución. No caso de especial gravidade e simultaneidade de danos sufridos, estes tempos se consensuarán baixo a autorización expresa dos servizos técnicos municipais.

Os elementos vexetais substituídos serán repostos sempre por outros do mesmo modelo e características que o orixinal procedente do stock de seguridade, quedando expresamente prohibido calquera modelo diferente ou de características inferiores sen a autorización expresa dos servizos técnicos municipais.

CLÁUSULA 5.- MANTEMENTO DE EQUIPOS

Defínese "mantemento" como o conxunto de operacións e coidados precisos para que as instalacións da decoración do Nadal obxecto deste contrato poidan funcionar axeitadamente de maneira continuada. Neste sentido realizarase diariamente a revisión do funcionamento da decoración a fin de manter os elementos vexetais e non vexetais en correcto estado.

O servizo de mantemento será quen de inspeccionar todos os elementos para acadar este obxectivo.

Os traballos de mantemento deberán realizarse conforme ao especificado no Plan de mantemento recollido na Cláusula 7 do presente prego, para que as instalacións permanezan en perfecto estado de funcionamento durante o período decorativo.

CLÁUSULA 6.- DANOS SOBRE AS INSTALACIÓNS DE DECORACIÓN ORNAMENTAL DO NADAL

As instalacións decorativas do Nadal obxecto do contrato son subministradas en réxime de aluguer ao Concello de Vigo pola empresa adxudicataria. O Concello non se responsabiliza en ningún caso dos danos que sobre elas se poidan producir.





Será responsabilidade do contratista realizar un axeitado programa de mantemento para conservarlas en perfecto estado tal como se esixe no presente proxecto, pero tamén son susceptibles de sufrir danos provocados por terceiros ou por causas de forza maior. En ningún destes supostos poderán reclamarse os danos contra o Concello de Vigo, sendo o adxudicatario o responsable de protexerse nestes casos polos medios que en dereito estime convenientes.

Serán por conta do adxudicatario as reclamacións contra terceiros por danos producidos sobre as instalacións obxecto do contrato como propietario destas. O Concello colaborará coa empresa na medida das súas posibilidades para identificar ao causante destes.

En todo caso, independentemente das accións legais que procedan e as indemnizacións ás que houbera lugar, a empresa deberá reparar e substituír de inmediato os elementos danados para repoñer o servizo nas condicións establecidas neste prego.

No caso daqueles elementos máis singulares ou exclusivos, os servizos técnicos municipais poderán autorizar como caso excepcional a retirada definitiva dalgún elemento sempre que se preserve a ambientación do conxunto e o menor impacto visual posible a incluír diferentes alternativas a aprobar pola Concellería de Comercio.

CLÁUSULA 7.- PLAN DE MANTEMENTO

O plan de mantemento describe as tarefas e o alcance das operacións a desenvolver sobre as instalacións decorativas do Nadal, elementos vexetais e non vexetais, obxecto do presente prego durante a prestación do servizo. Inclúe as labores de revisión e vixilancia e a reparación de danos para acadar o máximo rendemento e seguridade na explotación das instalacións.

O mantemento incluírá comprobacións, substitucións e probas de elementos, equipos e instalacións, incluso que obriguen a efectuar desmontes, axustes, regulacións, Impeza en cada un dos sets e cantas manipulacións se requiran para que todas as instalacións e motivos decorativos do Nadal obxecto deste prego teñan un correcto funcionamento e cumpran coas especificacións aquí contidas, as esixencias do servizo técnico municipal e as recomendacións dos fabricantes dos elementos non vexetais.

As operacións de mantemento pódense clasificar, segundo a motivación que provoca a intervención, en operacións de mantemento preventivo e correctivo.



| | | |
|--|--|----------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/07/2018 10:28 | Páxina 9 de 47 |
| Aprobado en Xunta de Goberno do 10/07/2018 | CSV: 21E65E-B9BF5D-21E3BD-43T62Y-J7JAA1-H1 | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |



7. 1.- Mantemento preventivo

Dentro do mantemento preventivo existen dous tipos de actuacións, as que se realizan de xeito continuo e as que se programan periodicamente.

7.1.1.- Mantemento preventivo de xeito continuo

Enténdese como procedemento de mantemento preventivo de xeito continuo, aquelas tarefas de revisión dos elementos vexetais e non vexetais, así como aquelas outras accións que se deban realizar unha ou varias veces ao día, que non teñen periodicidade fixa senón que deben realizarse con suficiente asiduidade para garantir a detección e emende con anticipación dos posibles erros. Estas actuacións poden ser inspeccións, verificacións funcionais e revisións periódicas que poden incluír substitucións de elementos desgastados ou danados non reparables. Este mantemento preventivo de xeito continuo será realizado polo contratista que deberá realizar cando menos unha ronda a todas e cada unha das instalacións decorativas do Nadal obxecto deste prego que consistiría en:

Realizar inspección visual para verificar o estado dos elementos vexetais así como dos diferentes elementos non vexetais no relativo á decoración e frescura dos vexetais e a integridade e confinamento no relativo aos elementos non vexetais.

Para as festas de Noiteboa, Nadal, Fin de ano, Aninovo, véspera de Reis e día de Reis, o servizo disporá dos mesmos medios que o resto dos días do período decorativo, para atender ás instalacións nos mesmos tempos de resposta e de reparación obrigados no prego.

7.1.2.- Mantemento preventivo programado

O desenvolvemento do Plan de mantemento preventivo programado implicará a realización dunha serie de operacións de mantemento programadas, que o adxudicatario deberá levar a cabo cando menos coa periodicidade detallada a continuación:





| <i>Elemento</i> | <i>Tarefa</i> | <i>Frecuencia</i> |
|---|--|-------------------------|
| Elementos de decoración do Nadal (elementos vexetais e non vexetais) | Revisión e substitución de parte ou da totalidade do elemento danado. | Diaria cada 24 horas |
| Estrutura-soporte dos elementos | Comprobación do correcto estado dos elementos. | |
| | Comprobación mecánica da estrutura-soporte dos elementos non vexetais. | Diaria cada 24 horas |
| | Comprobación do estado físico dos soportes e accesorios. | |
| | Pintado dos soportes se fose necesario. | |

7.2.- Mantemento correctivo

Defínese como mantemento correctivo o conxunto de accións ou intervencións necesarias para solventar os danos que se orixinen nos elementos vexetais e non vexetais e que deixen a estes, total ou parcialmente, fóra de servizo ou nun estado non aceptable ao criterio do responsable do contrato.

No mantemento correctivo repararanse e substituiranse os elementos vexetais e non vexetais que se atopan en mal estado de conservación e/ou deteriorados; así mesmo, procederase á substitución de todos os elementos vexetais deteriorados: plantas, arbustos, árbore, tepe... que se tivera detectado nas fases de mantemento preventivo ou mediante avisos recibidos por outras canles calquera que sexan estas. Os tempos máximos de intervención (ata chegar á zona determinada) e resolución (ata restablecer o servizo), quedan definidos nos pregos.

Procurarase reparar "in situ" sempre que sexa posible e non afecte á seguridade nin á fluidez do tráfico. Para isto o retén de mantemento irá dotado dos medios e vehículos axeitados, con stock de repostos e instrumentación suficiente.

As roturas ou danos ocasionados aos elementos tanto vexetais como non vexetais solventaranse sempre con reparacións parciais, sempre que o elemento reparado quede en perfecto estado de uso e goce e coa calidade do orixinal ou con a substitución por outros novos ao cargo do contratista.





SERÁN POR CONTA DO CONTRATISTA OS SEGUINTE:

- ↯ O aluguer, transporte, instalación, montaxe, desmonte, limpeza, mantemento, vixilancia, reposición e deterioro por vandalismo... de todos os elementos do Nadal (vexetais e non vexetais).
- ↯ O sistema de suxeición dos elementos que permita o perfecto estado destes durante todo o período do Nadal.
- ↯ Todas aquelas actuacións necesarias (incluso aquelas que non están contempladas no proxecto) para a posta en servizo deste proxecto.
- ↯ Legalizacións das instalacións para a posta en servizo.
- ↯ Autorizacións e permisos necesarios para a montaxe e posta en funcionamento.

| | | | |
|--|--|--|-----------------|
| | Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/07/2018 10:28 | Páxina 12 de 47 |
| | Aprobado en Xunta de Goberno do 10/07/2018 | CSV: 21E65E-B9BF5D-21E3BD-43T62Y-J7JAA1-H1 | |
| | Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |



ANEXO I

PRESCRICIÓN TÉCNICAS DE SEGURIDADE DAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS

- ⌘ Os traballos eléctricos, que corresponden á empresa adxudicataria, realizaranse por un instalador autorizado en baixa tensión.
- ⌘ A instalación deberá satisfacer o "Regulamento electrotécnico de baixa tensión" e as súas instrucións complementarias. Cada set ou conxunto de elementos levará cadros de protección independentes para garantir a seguridade fronte o risco.
- ⌘ Trátase dunha instalación eléctrica “temporal eventual”, asociada a un evento de pública concorrencia.
- ⌘ Se se desexa realizar conexión á rede eléctrica, deberá realizar petición de subministración á compañía distribuidora de enerxía. En caso contrario, deberá proveerse un grupo electrógeno insonorizado.
- ⌘ En todo caso, antes da posta en marcha da instalación e en función da potencia instalada, deberá realizar os trámites de legalización ante a Consellería de Industria. Iso pode requirir a presentación de Certificados CIE, proxecto eléctrico o memoria técnica de deseño, certificado de dirección de obra por técnico e acta favorable de Organismo de Control (OCA).
- ⌘ Durante a celebración do evento, nas horas de funcionamento, deberase dispoñer dun retén de mantemento que emende calquera deficiencia que afecte o funcionamento.
- ⌘ Os traballos de conexión e desconexión deberán realizarse de acordo á normativa vixente en materia de seguridade laboral.
- ⌘ Os horarios de accesos serán definidos polos responsables municipais. Durante o horario nocturno, será conveniente establecer unha iluminación de seguridade.
- ⌘ O adxudicatario remitirá copia de toda a información de carácter técnico asociada á contratación da subministración eléctrica.
- ⌘ O horario de acendido da iluminación decorativa e equipos de son será decidido pola propiedade para cada instalación en concreto.
- ⌘ Serán por conta do adxudicatario todos os gastos correspondentes á execución das instalacións, a súa legalización e posta en servizo, así como toda a documentación que sexa necesaria para a súa tramitación.
- ⌘ Quedan excluídos os gastos derivados por consumo de enerxía eléctrica, que serán por conta do Concello de Vigo.





ANEXO II

PRESCRICIÓN S TÉCNICAS DE SEGURIDADE MEDIDAS DE SEGURIDADE E MANTEMENTO

Ademais do obrigado cumprimento das normas de seguridade recollidas nos anexos anteriores, o adxudicatario estará obrigado ao cumprimento das seguintes:

- ⌘ O material para empregar será hidrófugo e ignífugo. Todos os materiais que se utilicen deben cumprir a normativa de seguridade e hixiene.
- ⌘ As pezas que se instalen terán que estar ancoradas nun soporte de resistencia adecuada para que non afecte o pavimento da praza.
- ⌘ No caso de que a empresa adxudicataria subcontrate a realización dalgún dos traballos, poñerá en coñecemento do Concello.
- ⌘ Todos os elementos deberán manterse en perfecto estado durante o tempo en que permanezan instalados.
- ⌘ Contarase con un ou varios equipos amplificadores de son para ambientación musical, con potencia suficiente e que cumpran as seguintes características :

 - o Campo de son extremadamente amplo para grandes áreas exteriores.
 - o Altoparlantes para exteriores deseñado para reproducir baixas frecuencias con una mínima distorsión do audio.
 - o Probadado para soportar a neve, a chuvia, o sal e as temperaturas extremas.
 - o Os soportes e accesorios serán resistentes a intemperie.
- ⌘ A empresa adxudicataria deberá presentar un seguro de responsabilidade civil con cobertura mínima de 500.000 euros por cada un dos lotes, para facer fronte a os posibles danos que se produzan a terceiros.
- ⌘ A adxudicataria haberá de presentar un Plan de Seguridade para a súa aprobación por parte do Concello.

| | | | |
|--|--|--|-----------------|
| | Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/07/2018 10:28 | Páxina 14 de 47 |
| | Aprobado en Xunta de Goberno do 10/07/2018 | CSV: 21E65E-B9BF5D-21E3BD-43T62Y-J7JAA1-H1 | |
| | Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |



ANEXO III

CONDICIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE - OBRAS SEN PROXECTO:

O adxudicatario comprométese a cumprir todas as obrigas que se lle impoñen ao empresario nas distintas leis de aplicación e toda a regulamentación e normativa en prevención de riscos laborais, entre outras:

- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais
- R.D. 1627/97, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.
- Lei 32/2006, reguladora da subcontratación no sector da construción
- R.D. 1109/07, polo que se desenvolve a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da *subcontratación no sector da construción.
- R.D. 171/2004, polo que se desenvolve o artigo 24 da lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.

En todo caso, a subcontratación polo adxudicatario, de subcontratas e traballadores autónomos para a execución da obra ou servizo obxecto deste prego, estará suxeita á lexislación vixente e ás condicións establecidas polo Concello de Vigo.

CUMPRIMENTO LEI 31/95, DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS:

A todas as empresas (contratistas e subcontratistas) que interveñen nas obras de construción éelles de aplicación a Lei de prevención de riscos laborais (LPRL) e o Regulamento dos servizos de prevención (RSP).

Pola súa banda aos traballadores autónomos éelles de aplicación o art. 24.5 da LPRL.

Por tanto, o contratista adxudicatario, así como os subcontratistas e traballadores autónomos que á súa vez contrate, cumprirán a actual lexislación en Prevención de Riscos Laborais, incluíndo no seu Plan de Prevención, a Avaliación DE RISCOS E O PLAN DE MEDIDAS PREVENTIVAS adecuados ás diferentes unidades construtivas, oficios intervinientes, maquinaria a empregar e medios auxiliares da presente obra.

Unha vez adxudicada a obra, requiriráselle a documentación acreditativa correspondente.

| | | | |
|--|--|--|-----------------|
| | Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/07/2018 10:28 | Páxina 15 de 47 |
| | Aprobado en Xunta de Goberno do 10/07/2018 | CSV: 21E65E-B9BF5D-21E3BD-43T62Y-J7JAA1-H1 | |
| | Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |



CUMPRIMENTO RD 1627/1997, SOBRE DISPOSICIÓNS MÍNIMAS DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN

Con respecto ao RD 1627/1997, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, para esta obra, ao carecer de proxecto, son aplicables os seguintes artigos:

- ↯ CONTRATISTAS E SUBCONTRATISTAS: Art.10; Art. 11.1 a) e 11.1 d). Os artigos 11.1 b), 11.1 c), 11.1 e), 11.2 e 11.3, na parte que proceda; Art. 15; Art. 16; Anexo IV.
- ↯ TRABALLADORES AUTÓNOMOS: Art. 12

CUMPRIMENTO LEI 32/2006 REGULADORA DA *SUBCONTRATACIÓN NO SECTOR DA CONSTRUCCIÓN E DO R.D 1109/07, POLO QUE SE DESENVOLVE A LEI 32/2006

Todas as empresas que operan nas obras de construción deben estar inscritas no REXISTRO DE EMPRESAS ACREDITADAS (REA) da Comunidade Autónoma na que se atope o seu domicilio social. Este rexistro serve para acreditar que as empresas cumpren cos requisitos de capacidade e de calidade esixidos pola Lei de subcontratación no sector da construción.

A finalidade dos Rexistros é reducir a sinistralidade na construción e serven para acreditar que as empresas cumpren os requisitos de capacidade e de calidade establecidos na Lei reguladora da subcontratación no sector. A Lei esixe a todas as empresas de construción que dispoñan dunha organización produtiva e de instalación de medios materiais suficientes para executar os traballos encomendados, a formación dos traballadores en materia de seguridade e saúde, así como unha estrutura adecuada de prevención de riscos laborais.

As empresas que contraten ou subcontraten a realización de calquera traballo nunha obra, deben acreditar que as súas empresas contratistas ou subcontratistas están inscritas no Rexistro, solicitando para iso un certificado.

Por tanto, para este contrato esixirase o estrito cumprimento da Lei de subcontratación nas obras de construción, polo contratista adxudicatario e polos posibles subcontratistas e autónomos que á súa vez contrate, polo que se lle esixirá ao adxudicatario do presente contrato, o correspondente Certificado de Inscripción no REA(Rexistro de Empresas Acreditadas).

| | | | |
|--|--|--|-----------------|
| | Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 11/07/2018 10:28 | Páxina 16 de 47 |
| | Aprobado en Xunta de Goberno do 10/07/2018 | CSV: 21E65E-B9BF5D-21E3BD-43T62Y-J7JAA1-H1 | |
| | Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv | | |



COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE EN FASE DE EXECUCIÓN

“Cando na execución da obra interveña máis dunha empresa, ou unha empresa e traballadores autónomos ou diversos traballadores autónomos, o promotor, antes do inicio dos traballos ou tan pronto como se constate dita circunstancia, designará un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra”. (art. 3.2. RD 1627/97)

Polo tanto, o contratista adxudicatario deberá comunicar ao responsable do concello que na obra vai haber subcontratas e/ou autónomos, previamente á subcontratación, para a designación por parte do concello de Vigo, do correspondente coordinador de seguridade e saúde durante a execución de mesma.

COMUNICACIÓN DE APERTURA DO CENTRO DE TRABALLO

Nas obras de construción incluídas no ámbito de aplicación de Ou Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, a comunicación de apertura do centro de traballo deberá ser previa ao comezo dos traballos, deberá expoñerse na obra en lugar visible, manterase permanentemente actualizada.

